



Concello
da Estrada



XIV MILLA SAN SILVESTRE ESTRADENSE

O Concello da Estrada, organizará o vindeiro MARTES día 31 de Decembro a XIII Milla San Silvestre Estradense.

Trátase dunha proba de carácter lúdico non competitiva, de inscrición gratuita e con sorteos de agasallos para todos os participantes.

INFORMACIÓN XERAL

Data: MARTES 31 de Decembro de 2024.

Hora: a partir das 16:00h, retirada de dorsais.

Lugar: Praza do Concello.

Distancia: de 100m a 1.609 m. aprox

Organiza: Concello da Estrada

Inscrición: Ata o VENRES 27 de Decembro de 2024 a través da

web: www.emesports.es

Facendo constar: Nome – Apelidos - Data nacemento.

CATEGORIAS, DISTANCIAS E HORARIOS APROXIMADOS

Pitufos (nados no 2019 e posteriores)- 100 metros – 17:00h

Prebenxamín ata Infantil (nados entre os anos 2018 e 2011)- ½ milla (800 m aprox) – 17:15h

Cadetes ata Veterans (nados nos anos 2010 e anteriores)- 1 milla (1600 m aprox) – 17:30h

PERCORRIDOS

- A carreira da **categoría Pitufos** terá lugar polas inmediacións da Praza do Concello (**CIRCUITO VERDE - rua Justo Martinez-Praza do Concello**).
- A carreira da **categoría Prebenxamín ata Infantil** terá lugar por un circuito pechado o tráfico de aproximadamente 800m de lonxitude (**CIRCUITO VERMELLO – Praza do Concello-rúa Serafín Pazo-Praza da Farola-rúa Calvo Sotelo-rúa Castelao-rúa Irida**) o que haberá que dar **1 VOLTA** para completar a **distancia total de 800m**. A saída e meta situaranse na praza do Concello.
- A carreira da **categoría Cadetes ata Veterans** terá lugar por un circuito pechado o tráfico de aproximadamente 800m de lonxitude (**CIRCUITO VERMELLO – Praza do Concello-rúa Serafín Pazo-Praza da Farola-rúa Calvo Sotelo-rúa Castelao-rúa Irida**) o que haberá que dar **2 VOLTAS** para unha **distancia total 1600m**. A saída e meta situaranse na praza do Concello.

PREMIOS E AGASALLOS

- Trofeo o disfraz máis orixinal e trofeo o grupo máis numeroso do mesmo disfraz.
- O rematar todas as carreiras das distintas categorías, todos os participantes serán obsequiados ca degustación de chocolate quente e produtos de repostería nos soportais do Concello.
- O rematar todas as carreiras das distintas categorías, realizarase o sorteo dos agasallos segundo o número de dorsal. Para participar nos sorteos dos agasallos que se farán na chocolatada é obrigatorio levar o dorsal ben visible.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Retirada de dorsais nos soportais do Concello, a cambio dun quilo de comida non perecedeira que se destinará a Cáritas Parroquial A Estrada, dentro da Operación quilo de Nadal 2024.
- A organización resérvase o dereito de aceptar inscricións fora de prazo.
- Calquer/a participante, no caso de ser agraciado con dous ou máis agasallos, únicamente poderá recoller o primeiro deles, volvéndose a sortear os restantes.